



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
DÍA 23 DE MAIO DE 2018**

ASISTENTES:

Presidenta:

María Ramallo Vázquez

Concelleiros/as presentes:

Manuel Santos Costa

M^a Antonia Sanmartín García

M^a. Cristina Acuña González

Antonio Traba Miñones

Pablo Novas Caballero

Francisco J. Estévez Salazar

Secretaria:

Paula Costas Romero.

Non asiste:

M^a José de Pazo Allariz

Na Casa do Concello de Marín, ás 13:50 horas do día **23 de maio de 2018**, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, María Ramallo Vázquez, reúnense os/as concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

1
e sen rectificacións.

2.- Urbanismo:

Expte.: 246/17 LU – JOSÉ MARÍA PEREIRA PAZOS – Licenza para cambio de cuberta e reparación de escaleiras de acceso a vivenda sita en Arealonga, nº 8-A, San Xulián, Marín.

Visto o expediente de referencia, e de conformidade cos informes, técnico e xurídico, do servizo municipal de Urbanismo, favorables ó outorgamento de licenza, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade,
ACORDA:

CONCEDER a D. JOSÉ MARÍA PEREIRA PAZOS licenza de obras maiores para cambio de cuberta de tella por panel sandwich co cambio da estrutura existente de madeira por unha metálica, elevando a altura do baixo cuberta en 0,61 m, e reparación da escaleira de acceso á vivenda existente en Arealonga nº 8, San Xulián, Marín, segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico Marcos Nistal Pérez, visado en data 12/04/2018.

Este acto administrativo suxéitase ás seguintes condicións:

1.- Condicións do art. 357.4 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo informe técnico de 25/04/2018:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo urbano de uso residencial unifamiliar. Ordenanza 3.
- b) Finalidade da actuación e uso o que se destinará: Cambio de cuberta e reparación de escaleira.
- c) Contía na que se orzan as obras: 14.950,00 €.
- d) Situación e emprazamento das obras: Arealonga, nº 8, San Xulián. Marín.
- e) Nome ou razón social do promotor: José María Pereira Pazos.
- f) Técnico autor do proxecto e director das obras: Marcos Nistal Pérez.

2.- Condicións xerais:



- **Prazo** para o inicio e finalización das obras: De acordo co artigo 64 das NNUU do PXOM, dado que se trata dunha obra maior e que non se fixan prazos no proxecto técnico presentado, adóptanse por defecto os seguintes prazos: Para o inicio das obras, dentro do ano seguinte á notificación do acto de outorgamento. Tres anos para o remate das mesmas dende a notificación do acto de outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- Os prazos para inicio e remate das obras computaranse dende o día seguinte ó da notificación do outorgamento da licenza.
- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
- A licenza entenderase caducada, previa audiencia ó interesado, por transcurso dos prazos establecidos, e deberá obterse nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.
- Será requisito indispensable dispoñer, xunto á obra, de **copia autorizada da licenza municipal e a colocación do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- O promotor e o construtor deberán cumprir as **normas sobre seguridade e hixiene** no traballo na execución das mesmas, e será á súa conta a seguridade das obras que se autorizan e a súa conservación, estando na obriga de cumprir as ordes de execución e reparacións que dispoña o Concello para manter as condicións de seguridade, salubridade e ornato. Faise constar expresamente que son de íntegra aplicación ó proceso de edificación en todas as súas fases as disposicións da **Lei 38/99 de Ordenación da Edificación**.
- A presente licenza outórgase **a salvo do dereito de propiedade**, en estrita suxeición ós termos expostos e sen prexuízo do dereito de terceiro nin da intervención ou atribucións que puideran corresponder a outras Administracións ou xurisdicións.
- Advírtese ó interesado que en aplicación do art. 1.8 do RD 1093/97 polo que se aproban as normas complementarias ó Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, a presente licenza **é acto inscritable**.
- O incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da presente licenza e da normativa urbanística, poderá dar lugar á adopción de **medidas de restablecemento da legalidade urbanística e á apertura de expediente sancionador** por infracción urbanística, sen prexuízo do resarcimento de danos e prexuízos que poidan producirse.

3.- Subvencións:

Expte.: 545/17 (B) – PLAN CONCELLOS 2018-2019 – Dación de contas da concesión de subvención con cargo ó Plan Concellos 2018-2019 da Deputación de Pontevedra, con destino ó financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS Á BARRIADA DE SAN PEDRO”.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de data 10 de maio de 2018 (BOPPO nº 96, de 21 de maio de 2018), polo que se concede subvención ó Concello de Marín con cargo ó Plan Concellos 2018-2019 Liña 1 – Investimentos, con destino ó financiamento do investimento “Pavimentación dos accesos á barriada de San Pedro”.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

Expte.: 23/18 – AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL – Dación de contas da concesión de axuda ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 da Consellería de Medio Rural, para a financiación do investimento “Mantemento da estrada rural Chan de Piñeiro-Candóns” (Expte.: 91/18).

Dáse conta da Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), de data 15 de maio de 2018, pola que se concede ó concello de Marín unha axuda por importe de **40.567,00 €** e unha



porcentaxe de subvención do **99,17%** sobre o orzamento aceptado, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, da Consellería do Medio Rural, para a financiación do investimento “*Mantemento da estrada rural Chan de Piñeiro-Candóns*” (Expte.: 91/18), coa seguinte distribución por anualidades:

2018	2019
20.283,50 €	20.283,50 €

O prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2018 será o 17 de setembro de 2018 e o prazo final de xustificación o 3 de xuño de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

Expte.: 219/18 – DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA– Dación de contas da aprobación definitiva da ordenanza reguladora da creación da Rede de Oficinas “Info Rías Baixas” e solicitude de adhesión.

Vista a Ordenanza reguladora da creación da rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas”, publicada no BOPPO nº 93, de 15 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade dos membros presentes,
ACORDA:

Primeiro.- Manifestar o seu interese na adhesión do Concello de Marín á rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas” e solicitar a adhesión á mesma.

Segundo.- Declarar que a oficina ou punto de información turística cumpre coas características mínimas sinaladas no artigo catro da Ordenanza reguladora da creación da rede de oficinas de turismo “Info Rías Baixas”.

FÓRA DA ORDE DO DÍA:

Previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade dos presentes, adoptáronse os seguintes acordos:

Expte.: 269/17 – Aprobación do expediente de contratación das obras de “*Pavimentación e mellora de camiño rural cemiterio de Santo Tomé de Piñeiro-Esperela*”, no marco do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.

Mediante Providencia da Alcaldía de data 17 de abril de 2018, incóase expediente de contratación das obras de “*Pavimentación e mellora de camiño rural cemiterio de Santo Tomé de Piñeiro-Esperela*”. Na mesma disposición exceptúase o emprego de medios electrónicos no procedemento de contratación da referida obra, ao abeiro do apartado 3º da Disposición Adicional 15ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público -LCSP 2017-.

Aos efectos previstos no artigo 28 da LCSP 2017, a necesidade da execución da obra ven dada polo mal estado do camiño obxecto da actuación, que carece de pavimento, existindo fochas que dificultan a circulación rodada, e non dispón de sistema de recollida e encauzamento das escorrentías superficiais, carecendo o Concello de medios propios suficientes e adecuados para levar a cabo as actuacións obxecto do contrato, que se enmarcan na competencia municipal en materia de «infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade» (art. 25.2.d) LBRL).

O investimento será cofinanciado con cargo á subvención, por importe de 35.332,50 €, concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, tendo como prazo máximo de execución e xustificación o 1 de setembro de 2018.

Atópanse incorporados ó expediente o correspondente Proxecto de Obras, que foi obxecto de supervisión, aprobación e replanteo, así como os preceptivos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, segundo os cales tramítase un expediente de carácter ordinario, cuxa adxudicación propónse por procedemento aberto.

Entre a documentación preparatoria do contrato, consta a preceptiva Memoria xustificativa,



asinada polo enxeñeiro técnico municipal en data 6 de abril de 2018, na que se fundamentan os aspectos esenciais do contrato, que ha de publicarse no perfil de contratante e coa cal dáse cumprimento o disposto no artigo 116.4 da LCSP 2017.

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaría deste Concello.

Vista a retención de crédito correspondente, así como o informe de Intervención de fiscalización do gasto.

Visto que, de conformidade co previsto na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, é a Alcaldía o órgano de contratación competente, se ben, por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 delegouse na Xunta de Goberno Local, a competencia para a aprobación de expedientes de contratación e adxudicación de contratos que excedendo dos límites da contratación menor non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, nin a contía de seis millóns de euros.

Polo exposto, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e en uso das competencias delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto do contrato execución das obras de "*Pavimentación e mellora de camiño rural cemiterio de Santo Tomé de Piñeiro-Esperela*", cun orzamento base de licitación, IVE excluído, por importe de 40.588,23 euros, que equivale ao valor estimado do contrato, ao que se deberá repercutir 8.523,53 euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor engadido e unha duración de cinco días.

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 49.111,76 euros, IVE incluído, con cargo á aplicación 1532. 61900 do Orzamento de gastos do Concello de Marín para el exercicio 2018 en vigor.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polos que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto del presente contrato de obras.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante deste Concello, para que en el prazo de vinte e seis días se presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

4.- Rogos e preguntas.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

Sendo as 14:10 horas, e sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta procedeu a levantar a sesión, do que como secretaria dou fe.

Vº Bº,

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

A SECRETARIA XERAL,

María Ramallo Vázquez.

Paula Costas Romero.